



1

o proceso de
adaptación na
escola infantil:
significado



o proceso de adaptación na escola infantil: significado

Ao longo deste documento trataremos de darlles respostas aos diferentes interrogantes que xorden cando analizamos e valoramos o período de adaptación: Que é adaptarse?, é acomodarse, acostumarse, resignarse? Quen se adapta?, só as nenas e os nenos?, só as e os que choran?, as e os que non choran? Por que deseñar un plan de adaptación? Que supón para as nenas e os nenos e para as súas familias?

Comezaremos presentando unha sinxela definición do que entendemos por Proceso de adaptación: trátase do conxunto de fases sucesivas polas que a nena ou o neno chega a acomodarse a un medio novo, ao medio escolar, que non é coñecido nin habitual.

Debe ser considerado como un proceso biunívoco, caracterizado pola reciprocidade, onde o contexto mesmo se modifica para acoller, para saír ao encontro; e no que van participar familias e profesorado man con man.

O período de adaptación é o intervalo temporal que nenas e nenos precisan para asimilar os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporárense ao centro escolar -é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro descoñecido-, en moitos casos, vai supoñer tamén a primeira separación das figuras de apego.

O ingreso na escola supón para o neno e a nena un gran cambio. Sae dun mundo familiar con códigos establecidos e roles determinados e coñecidos, dun ambiente no que se sente protexida ou protexido, onde é o centro de atención, e introdúcese no ambiente escolar, onde o contemplan, dende outro punto de vista, como alumna ou alumno dentro dun grupo no que se ten que relacionar -en espazos diferentes, cuns materiais e mobiliario diferentes, con outras maneiras de facer e de dicir as cousas, con moitos cambios e novidades na súa vida cotiá- con outras nenas, con outros nenos e con outras persoas adultas que, de momento, non son da súa confianza.



A verdadeira aprendizaxe do período de adaptación é encontrarse e separarse; é compartir experiencias fóra da propia casa con outras persoas (criaturas e adultas) distintas, nun marco institucional organizado e seguro e resolvendo situacións de aprendizaxe novas.

Chegar por primeira vez a un lugar novo non é fácil para ninguén. Neste proceso de adaptación as nenas e os nenos deben coñecer ese lugar, facelo propio, chegar a gozalo, establecer vínculos de relación... e isto leva o seu tempo, de aí a consideración de sentir o proceso de adaptación como unha necesidade do alumnado. Esta consideración debe aplicarse tanto para o alumnado do primeiro ciclo como do segundo, xa que o feito de que asistise á escola infantil de primeiro ciclo non garante que sexa mais doada a adaptación á escola infantil de segundo ciclo.

A adaptación, polo tanto, constitúe un proceso complexo no cal se desenvolven unha serie de relacións intersubxectivas entre as familias, o persoal docente, as nenas e os nenos, e por medio da cal se construírán vínculos entre elas e eles. Esta experiencia converterase ademais na matriz das relacións sociais que as criaturas vivirán ao longo do seu paso polo sistema educativo.

A adaptación é de cadaquén, é unha conquista persoal que implica un proceso interno no que os tempos e as interaccións son individuais, intransferibles, tinxidos ademais de emocións e de vivencias, de esperas e de experiencias propias e compartidas, de medos e de xogos, de desexos e de inquedanzas. Este período non ten unha duración fixa para todas e todos, xa que é algo que a propia nena e o propio neno ten que elaborar. Por iso é importante respectar os ritmos individuais e non tentar forzar nin acelerar o proceso, nin establecer comparanzas, entendendo a cada criatura como unha persoa única e diferente. Neste mesmo senso hai que considerar a duración do período para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e mesmo establecer, se cumprir, un plan individualizado. Todo isto debe contemplarse dende plans que atendan á diversidade do alumnado, polo que a flexibilidade deberá ser a característica básica dun plan de adaptación.

Dito doutro xeito, as nenas e os nenos van necesitar construír unha nova dimensión social a partir do coñecido (a familia, a escola infantil de primeiro ciclo...). Esa construción persoal vai precisar dun tempo, tal e como se dixo con anterioridade, e nel porán en xogo procesos cognitivos e afectivos complexos, todos eles transcendentais no proceso de socialización. Estes cambios poden xerar alteracións de tipo afectivo, cognitivo, relacional, somático... e os tempos e ritmos de superación resultarán diferentes para cada nena e cada neno.



É importante saber e ter en conta que non todos os nenos e todas as nenas reaccionan igual diante da mesma situación, e que cadaquén desenvolve os seus recursos de defensa e de oposición. Hai criaturas que choran, berran, gritan, patexan, poden agredir a outras nenas e a outros nenos ou a si, negarse a comer ou durmir, a falar, a sentar... Hai tamén quen amosa retraemento, rexeitando calquera tipo de contacto ou calquera tipo de proposta de actividade. Cada unha delas e cada un deles require unha atención diferenciada do persoal docente:

contención, minoración da frustración e relaxación no primeiro caso; sensibilidade e espera afectiva no segundo.

Todos estes cambios provocan ansiedade, malestar e incerteza, tanto nas criaturas como nas familias, e a intensidade difire en función do tipo de familia e das experiencias previas de socialización por parte das criaturas.

Como lembras o teu primeiro día de cole?, que recordas da primeira vez que fuches á escola?

Non quería ir. Quería estar con mamá porque Gonzalo (o meu irmán pequeno) quedou na casa

Nome e idade: Rodrigo (4 anos)


O ambiente debe presentarse rico en relacións e solidario coas necesidades de cadaquén. Cada criatura debe encontrar alí respecto cara á súa individualidade, apoio, confianza e un clima afectivo de calidade.

A adaptación supón a aceptación dunha nova situación, un reto: por primeira vez, a nena e o neno están sós fronte ás súas posibilidades.

O profesorado terá a responsabilidade de programar e organizar, conxuntamente coas familias, a incorporación á escola e os primeiros días de clase, cunha planificación coidada, especial e de atención particular, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá unha grande influencia na historia escolar dos nenos e das nenas.

Por que resulta tan importante?

Na comunidade científica pedagóxica e psicolóxica existe consenso respecto das graves consecuencias que para a estrutura psíquica das nenas e dos nenos leva a separación traumática das figuras de apego. Pensar que non é para tanto supón ignorar a inseguridade física e emocional, a angustia que sofren as nenas e os nenos que, cada vez máis pequenas e pequenos, se incorporan aos centros infantís.



A forma en que se resolva este cambio é transcendental para o alumnado e para o seu futuro na institución escolar, polo que cómpre coidar do bo desenvolvemento dun período de adaptación, pois este é un momento fundamental que determinará a posterior relación do alumnado coa escola. Unicamente cando se supera este proceso, a escola infantil pode ser para as criaturas un lugar de enriquecemento e de ampliación das súas experiencias.

Que supón a superación do proceso de adaptación?

- *Autoafirmación*
- *Crecedemento das posibilidades persoais*
- *Ampliación do mundo relacional*
- *Novas aprendizaxes*
- *Descubrimento da escola como lugar agradable*

Cales son os obxectivos do proceso de adaptación?

- Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha organización escolar cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Conseguir que a adaptación do alumnado ás escolas sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Xerar relacións vinculares entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.
- Descubrir o gozo de estar coas outras e cos outros nun ambiente estimulante.

Os obxectivos deste proceso conseguiranse promovendo:

- Que alumnado e familias expresen os seus propios sentimentos e expectativas cara á escola.
- Que cada nena e cada neno se sinta acollida e acollido grazas ao contacto físico e ao diálogo persoal.



- Que alumnado e familias coñezan o contexto escolar: os espazos escolares, organización, uso das zonas comúns...
- Que alumnado e familias coñezan o profesorado.
- Que alumnado e familias coñezan as compañeiras e os compañeiros de escola.
- Que o alumnado se recoñeza paulatinamente parte integrante do grupo.
- Que as familias se sintan parte da comunidade educativa.
- Que alumnado e familias participen no proxecto, nas actividades e das normas da escola.
- Que o alumnado se familiarice con materiais e actividades cotiás da escola infantil.
- Que alumnado e familias integren o ritmo escolar e os horarios nos seus hábitos de sono, alimentación, descanso, tempos de xogo...

Neste proceso de adaptación pódense establecer unha serie de fases polas que pasan as criaturas, a familia e o profesorado:

Achegamento

Nun primeiro momento trátase de coñecerse, observarse, comunicar e intercambiar sentimentos e emocións. As familias precisan nesta fase percibir a profesionalidade e experiencia do profesorado e o que se agarda delas. Se o profesorado consegue transmitir unha mensaxe de acollida, de benvida, contribuirá a crear nas nais e nos pais un sentimento de confianza, e con iso abrir canles para atoparse, para intercambiar informacións, para participar, para relacionarse...

Confianza

Cando se produce a separación física, as familias entregan a súa filla e o seu fillo a outra persoa ou persoas que van constituír un novo referente afectivo. A educadora e o educador debe tomar esa base segura dende a que dar continuidade á experiencia educativa das familias, pero sen asumir competencias do ámbito familiar que non lle son propias.

A construción da relación de confianza empeza nas máis pequenas e nos máis pequenos a través do corpo, cando aceptan que outra persoa adulta satisfaga as súas necesidades. Nas nenas e nos nenos maiores a figura da educadora substitúe a familia como introdutora cara ao grupo de iguais, como mediadora nos conflitos, como facilitadora de exploracións e de experiencias...

Que sentiches cando acompañaches o teu fillo ou a túa filla o primeiro día de escola?

A maior inquedanza como nai dunha nena que comezaba a etapa nun novo colexio era o medo ao seu sentir nos primeiros días para adaptarse aos novos amigos e profesorado, e como sentiría ela que a súa nai a deixase nun sitio estraño, sen nada familiar.

É unha nena sumamente tímida e, aínda que viña de gardaría, eu sentía que o novo choque ante o descoñecido a desconcertaba e aumentaba o seu medo a enfrontarse soa a todo aquilo.

Nome: Yolanda

As familias precisan recibir neste momento mensaxes tranquilizadoras e informacións positivas e claras sobre os procesos que se están levando a cabo.

Pertenza

Nesta fase consolídase a relación de confianza entre a familia e a escola. A nena ou o neno comeza a atopar o seu lugar entre os dous contextos e constrúe progresivamente unha dimensión relacional con outras persoas adultas e iguais. A educadora ou o educador axuda a construír códigos, significados que faciliten o sentido de pertenza ao grupo, tanto para nenos e nenas como para as súas familias. Daquela, nesta fase as familias necesitan que se lles transmita como resultou a experiencia da adaptación.

